1.4 Utilización da Internet

Tras estudar a presenza na Internet e os servizos fornecidos a través desta canle por parte das asociacións, nas próximas páxinas desenvólvese a información dispoñible acerca do uso que as propias entidades fan dos contidos e servizos dispoñibles na rede.

1.4.1 Acceso á Internet

O 64,3% das asociacións galegas, practicamente dous terzos, teñen contratado acceso á Internet. Destas conexións, o 88% son de banda larga.

Os menores nivel de conectividade danse entre as organizacións xuvenís, de mulleres e veciñais.

O 64,3% das asociacións galegas, practicamente dous terzos, teñen contratado acceso á Internet. A Figura 24 desagrega este dato segundo o ámbito de actividade da organización.



Figura 24: Acceso a Internet das asociacións galegas en función do ámbito de actividade.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [1]

A contratación da conexión á Internet das asociacións é xa consolidada. O 44,3% dispuña xa da conexión no ano 2000; desde entón, mantense unha cadencia de incremento constante, de xeito que o restante 55% de organizacións veu incorporando o acceso á Internet practicamente nas mesmas cantidades anuais no período 2001-2005.



Figura 25: Anos de contratación da conexión á Internet.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]

A
Táboa 3 ofrece o dato, por ámbito de actividade, da antigüidade media da conexión á Internet das asociacións.

Económicas-profesionais	Mediados de 1999
De veciños	Mediados de 2000
Ideolóxico-culturais	Finais de 2000
Solidariedade	Finais de 2000
Xuvenís	Finais de 2001
Asoc. de mulleres	Principios de 2002

Táboa 3: Ano de contratación do acceso á Internet por ámbito de actividade.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]

O 88% das asociacións galegas que dispoñen de acceso á Internet contrátano de banda larga, sendo o ADSL, con dous terzos do total de conexións, a principal opción elixida.



Figura 26: Tecnoloxías contratadas de acceso á Internet por parte das asociacións galegas.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]

Detallando por ámbito de actividade das asociacións, non se aprecian patróns de contratación significativamente diferentes.



Figura 27: Tecnoloxías contratadas, para as asociacións que dispoñen de acceso á Internet, segundo o ámbito de actividade.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]

De xeito concordante cos datos anteriores, a velocidade contratada máis presente sitúase no rango entre os 512 Kbps e os 2 Mbps, coincidente coa oferta máis estendida de acceso ADSL.



Figura 28: Velocidade contratada de acceso á Internet.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* (1)

Por último, o 59,9% das asociacións con conexión á Internet demandan velocidades de conexión maiores, o que indica proclividade a evolucionar a medio prazo.



Figura 29: Asociacións con conexión á Internet que cren que se beneficiarían a medio prazo de aumentar a velocidade de conexión, segundo ámbito de actividade.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* (1)

1.4.2 Servizos empregados a través da Internet

Os usos básicos da Internet son os máis habituais nas asociacións galegas, aínda que hai que salientar o grao de emprego deste medio para actividades de aprendizaxe.

En canto á compra en liña, unha de cada cinco asociacións –un terzo das que dispoñen da Internet– son usuarias deste servizo, o que sitúa a este colectivo nun chanzo intermedio entre as pequenas empresas e os particulares.

O uso principal que se fai da Internet nas asociacións é o básico de procura de información. No referido a servizos máis complexos, o 70% das asociacións que dispoñen de acceso á Internet emprega servizos bancarias e financeiros, e o 60% recorre á rede para actividades de formación e aprendizaxe.



Figura 30: Servizos que as asociacións empregan a través da Internet
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* (1)

A valoración favorable da achega de estes servizos á actividade de asociación é unánime: o 69,3% das entidades consideran que é moi positiva e o 29,5%, positiva.

O 32% das asociacións con acceso á Internet, o que supón o 20,5% do conxunto de entidades, ten feito compras a través da Internet no último ano. Este é un dato intermedio, superior ao dos particulares (20% dos internautas ou 9% da poboación, segundo o traballo de campo realizado) e inferior ao das empresas (segundo datos de DMR/AETIC de 2005, o 32% das empresas con menos de 50 empregados é usuaria de comercio electrónico).

Clasificando a información por ámbito de actividade, son as asociacións veciñais as más activas nas compras pola Internet:



Figura 31: Asociacións con acceso á Internet que fixeron compras por esta canle no último ano, segundo ámbito de actividade.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* (1)

Os medios de pago máis habituais para este tipo de transaccións son a tarxeta de crédito e a domiciliación bancaria, por esta orde.



Figura 32: Forma de pago por parte das asociacións nas compras vía Internet.
Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* (1)

Por último, as asociacións foron preguntadas por servizos que na actualidade non atopan na Internet e que considerarían de utilidade. As respostas recibidas foron moitas e moi diversas, pero é posible salientar os seguintes:

> Espazos en liña de cooperación entre asociacións

- Información especializada nos diferentes ámbitos de actividade
- Sóftware libre de uso específico para as necesidades das asociacións
- Información legal, xurídica ou doutra natureza na xestión de asociacións

1.4.3 Barreiras para o acceso á Internet

Os motivos económicos e a falla de información son as principais razóns polas que as asociacións galegas non se conectan a Internet.

Entre as xa usuarias, a maior parte do 10% que aínda non dispón de banda larga non a ve necesaria ou xustificada.

Finalmente, as cuestións culturais supoñen un freo á compra en liña por riba dos factores de seguridade ou confianza.

Os aspectos económicos, xunto coa insuficiente información sobre as posibilidades e tecnoloxías para o acceso á Internet, conforman os dous principais motivos polos que as asociacións que non están conectadas a rede aínda non deron ese paso. Entre ambas, supoñen case a metade das razóns esgrimidas. As causas derivadas da insuficiente percepción de utilidade roldan o 20% do total.



Figura 33: Motivos polos que as asociacións galegas que non dispoñen de acceso á Internet non o teñen contratado.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]

Segundo os datos anteriormente expostos, algo máis dun 10% das asociacións con acceso á Internet non dispoñen de banda larga. Case a metade deste colectivo non contrata este servizo porque non aprecia vantaxe ou beneficio ("O custo non está xustificado", "A velocidade actual abonda", "Os servizos da asociación non o precisan"). Algo máis da cuarta parte non ten posibilidade de facelo por indispoñibilidade do servizo nos seus locais.



Figura 34: Motivos polos que as asociacións galegas que dispoñen de acceso á Internet con tecnoloxías de banda estreita non contratan a banda larga.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]

Finalmente, neste apartado de barreiras, analízanse os motivos polos que as asociacións que non compran pola Internet non o fan. Os motivos esgrimidos son moi similares aos indicados polos cidadáns: en primeiro termo, a preferencia polos medios tradicionais ou a falla de necesidade; só despois os problemas de seguridade e confianza.



Figura 35: Motivos polos que as asociacións galegas que non compran pola Internet non o fan.

Fonte. *Enquisas do Observatorio Galego da SI* [(1)]